

## POSICIONAMENTO DE NOVA ESCOLA GALEGA SOBRE A PROPOSTA DE REFORMA DA LOCE REALIZADA POLO GOBERNO CENTRAL

### 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.

NOVA ESCOLA GALEGA, como movemento de renovación pedagóxica, formula a necesidade dunha nova lei educativa. Esta nova lei debe partir das seguintes premisas:

1. A realización dunha análise obxectiva da situación, da realidade dos centros e tamén da sociedade actual (familias, etc).
2. A promoción do debate social e do diálogo entre todos os sectores implicados na tarefa educativa.
3. A obtención dun consenso o máis amplo posible, que dote dunha razoable estabilidade e credibilidade ao marco legislativo que se acade.
4. A consideración dos cometidos da converxencia europea, do sistema autonómico, da corresponsabilidade dos concellos e da autonomía dos centros.

As liñas básicas da nova lei deben ter en conta os seguintes principios:

1. O fin principal debe ser a formación de cidadáns e cidadás capaces de analizar dun xeito crítico a realidade na que viven para transformala. Para conseguilo, debe posibilitar que o alumnado dispoña, dunha maneira real, dos recursos necesarios para obter unha educación igual e de calidade. En suma, as necesidades do alumnado deben ser a prioridade fundamental, por encima das demandas do mercado.
2. A educación debe ser comprensiva (educación para todos/as) e non selectiva. Debe prestar especial atención a evitar un uso dual da mesma: seleccionar as elites/facilitar a obtención de man de obra precaria. A existencia de diferentes opcións que poidan arbitrarse, en función das distintas motivacións e intereses, nunca poden conducir á segregación do alumnado. Debe prestar especial atención a evitar a exclusión no caso dos menores de tres anos e no dos itinerarios.
3. Debe perseguirse unha educación integral e non soamente a instrución en contidos. Debe prestarse especial atención a todos os aspectos que conforman a unha persoa: afectos e sentimentos, valores sociais de cooperación, respecto mutuo e solidariedade, asunción da propia sexualidade, etc. A educación debe entenderse como un proceso que dura toda a vida da persoa. É imprescindible tomar en consideración permanentemente os catro principios dos que se fala no informe Delors: aprender a ser, a facer, a coñecer e a convivir. Tendo en conta a organización económica da nosa sociedade (a maioría das persoas con emprego traballan fóra do ámbito familiar, segue a incrementarse o índice de mulleres traballadoras), a institución educativa adquire un papel cada vez máis importante na propia socialización da xuventude. Así mesmo, os medios de comunicación

constitúen unha poderosa vía de transmisión cultural para a xuventude, o cal supón un reto á función socializadora da escolarización, como fonte tradicional de coñecementos culturais. Todo aquilo apunta á necesidade de formar e de educar, nun sentido global.

4. A responsabilidade da aprendizaxe non é soamente do **esforzo** do educando (modelo neoliberal) senón que aparece compartida coa sociedade e co sistema educativo. Polo tanto, debe combater as desigualdades de partida para superalas. Neste senso, cómpre subliñar que o nivel de esixencia á institución (ou sexa, o **esforzo** institucional) ha ser alto, dado que os colectivos diversos de xuventude non acceden á cultura escolar en igualdade de condicións.
5. Nunha sociedade cambiante, con novas formas familiares, con novas profesións educativas, con novos fenómenos como a inmigración... a nova lei debe definir cal é o obxectivo da educación nestes tempos, o modelo de persoa (ser/participe social) e de sociedade a tomar como referentes. Tamén se deben especificar as competencias imprescindibles, pois deben existir uns coñecementos básicos, determinados de xeito rigoroso e científico, pero cada comunidade autónoma e cada centro poderán decidir sobre contidos variables, en función do seu proxecto educativo.
6. Na consecución do éxito escolar deben facilitarse todos os medios organizativos e pedagóxicos: reforzos, desdobres, adaptacións curriculares, repetición de curso... sempre en función das necesidades educativas e coa finalidade de garantir unha real igualdade de oportunidades. O éxito escolar non debe limitarse aos resultados de tipo académico senón que debe ter como referente conseguir un desenvolvemento integral da persoa (aprendizaxes afectivas, sociais, cognitivas...). A nova lei debe tomar en conta as transformacións características da chamada sociedade da información, coa presenza de novas tecnoloxías, incorporando como un dos seus obxectivos evitar que esas NNTT se poidan trocar en novas formas de segregación dos cidadáns, no canto de instrumentos favorables ao desenvolvemento igualitario.
7. A escola pública é a única que garante a igualdade real de oportunidades. Soamente é escola pública a que ten titularidade, financiamento, xestión e control públicos. O deber principal do Estado é garantir unha rede de titularidade pública de calidade, proporcionando as prazas necesarias demandadas pola sociedade. A existencia de escolas privadas non debe ser subvencionada polo Estado pois os fondos deste non deben utilizarse para unha actividade a miúdo selectiva e discriminatoria (ideario, segregación socioeconómica e entre os sexos, etc.) sendo a escola pública a única que pode garantir unha educación para todas e todos en condicións de igualdade. Mentres exista o financiamento mediante concertos deberanse establecer mecanismos para garantir que a rede privada complementa na práctica á pública, impedindo a existencia de anomalías como a menor incidencia da diversidade, da inmigración e da procedencia de sectores menos favorecidos neste tipo de centros.
8. Debe prestarse atención especial á educación e escolarización do alumnado minorizado ou marxinado na sociedade: escolares con discapacidade e colectivos cuxas identidades culturais/étnicas son obxecto de discriminación, como é a miúdo o caso para as persoas xitanas e inmigrantes. Para permitirilles a plena integración no sistema educativo, faría falta implementar procesos de **discriminación positiva**, tal e como vén recollendo a actual lexislación estatal sobre a discapacidade, así como as novas directrices europeas sobre a non discriminación na educación por

razóns de identidade étnica, aspecto físico, xénero, lingua, procedencia socio-económica e outros factores. Debe arbitrarse un tratamento específico á aprendizaxe da lingua.

9. A formación na fe relixiosa non ten lugar na escola pública pois tales crenzas pertencen ao ámbito do privado. O fenómeno relixioso debe contemplarse nas distintas materias (historia, filosofía, arte...) do currículo.
10. O ámbito de decisión das comunidades autónomas debe ser respectado e as leis xerais deben ser contempladas como o marco xeral. O Estado debe actuar para garantir de xeito efectivo os dereitos lingüísticos e culturais de cada comunidade.

## II. ESTRUTURA.

### A. Etapas.

- Debe recoñecerse o carácter educativo da educación infantil (0-6), e ofrecer prazas suficientes.
- A Educación Primaria debe ordenarse por Ciclos.
- É preciso establecer mecanismos de coordinación entre etapas para garantir a educación obrigatoria como un continuo.
- Faise necesario deixar aberta a posibilidade de reestruturar a duración da E. Secundaria en liña coa maioría dos países do noso contorno.
- Faise tamén necesario establecer un novo marco de participación das comunidades autónomas (Consello Escolar do Estado...).
- A FP debe concibirse dun xeito flexible para ofrecer respostas ás necesidades de cada territorio.
- Debe camiñarse cara a redución do número de áreas e materias na ESO e en Primaria.

### B. Centros.

- O centro debe concibirse como elemento dinamizador do contorno e aberto á comunidade na que está integrado.
- Faise preciso promover a participación de todos os sectores implicados na educación como un elemento clave de calidade educativa. A planificación educativa debe ter en conta a todos os axentes presentes no territorio.
- É necesario reforzar o papel dos claustros e consellos escolares como órganos de participación e control. Nesta liña, cómpre reformar as funcións e a composición dos

consellos escolares de centro e municipais para mellorar a participación da comunidade educativa.

- Os equipos directivos deben ser elixidos democráticamente polos Consellos Escolares.
- É necesaria a reforma da organización dos centros, de xeito que teñan máis autonomía para desenvolver os seus proxectos educativos.
- As normas disciplinarias sempre deben ir ligadas a un labor educativo e de reflexión sobre as condutas. É fundamental potenciar as titorías, introducir a figura do mediador escolar, as asembleas de aula, o equipo de profesorado de nivel en secundaria, redución de ratios, construción democrática das normas de aula e do centro; contemplar medidas globais para a redución e resolución de conflitos...
- Deben establecerse mecanismos de avaliación interna e externa dos centros e do propio sistema educativo, incluída a administración.
- Do mesmo xeito, cómpre establecer mecanismos de avaliación (e de instrución) entre iguais e entre idades.

#### C. Recursos/ financiamento.

- Faise fundamental adoptar medidas que incidan de maneira real na calidade do ensino: recursos humanos (profesorado de apoio, orientación...), instalacións, axeitamento de horarios, comedores e transporte escolar...
- Debe contemplarse un plano de financiamento, con aumento real de investimentos na educación pública. De xeito provisorio ata que o número de prazas públicas sexa o axeitado, deben conxelarse das subvencións ao ensino privado.
- Convén evitar a dependencia dos libros de texto e favorecer a elaboración e a adaptación dos materiais didácticos nos centros educativos e, no caso de que se decidan empregar recursos pre-elaborados, poñer en práctica as medidas axeitadas para que sexan seleccionados dende unha perspectiva profesional e non dependendo exclusivamente das opinións das editoriais. Así mesmo os materiais didácticos (en xeral) deben ser de calidade e gratuítos.
- Mellora dos equipamentos naqueles aspectos onde se detecta un claro déficit: bibliotecas, laboratorios de idiomas, incorporación de novas tecnoloxías... Esta mellora dos equipamentos debería ir acompañada de medidas dirixidas a garantir o seu funcionamento eficiente ( a instauración da figura do bibliotecario/a e do/a responsable de novos medios ou, polo menos, unha redución horaria suficiente para os docentes encargados dese labor)

#### D. Profesorado.

- Debe ser aprobado o Estatuto da Función Docente ao mesmo tempo que a nova lei.

- É imprescindible contemplar melloras que eleven a calidade educativa: redución de ratios, impulso á formación continua/permanente, sistemas efectivos de promoción interna, etc.
- Debe facilitarse a coordinación horizontal entre profesorado e centros e tamén entre as distintas etapas educativas.
- Cómpre analizar en profundidade a formación inicial do profesorado e o sistema de acceso á docencia. Seguramente sexa xa o momento de esixir a titulación de licenciatura para todos os niveis no camiño de acadar o corpo único de ensinantes.
- Deben articularse estratexias de atención aos novos profesionais relacionados coa educación establecendo un mecanismo de incorporación aos centros.
- Faise preciso recoñecer a todos os niveis a función titorial.

### III. A EDUCACIÓN TEMPERÁ E A PREVENCIÓN DAS DESIGUALDADES.

#### 1. O carácter da educación infantil (p. 25)

##### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Terá carácter educativo nos dous ciclos.
- As administracións educativas garantirán a existencia de prazas suficientes nos centros públicos. O segundo ciclo poderá ser obxecto de concertos con centros privados.
- Estará a cargo de mestres especialistas en Educación Infantil, sen prexuízo da colaboración, no primeiro ciclo, doutros profesionais coa debida cualificación.
- O currículo de segundo ciclo deberá incorporar a aproximación á lecto-escritura dunha lingua estranxeira e tamén ao uso do ordenador.

##### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

En primeiro lugar, destacar a reparación da LOCE que retrotraía o primeiro ciclo de Infantil (0-3) ao carácter de asistencial (*educativo e asistencial*, dicía), reparación que volve ás esixencias educativas e reguladas por educación e ao persoal coa titulación axeitada para unha tarefa educativa. Pero tamén se consolidan os concertos no segundo ciclo desta etapa como unha concesión á privada concertada (maioritariamente relixiosa) que asenta a iniciativa do anterior goberno do PP e suponse que intentar compensar a volta á relixión como non computable (intento inútil pola belixerancia apuntada de seguida pola Igrexa Católica).

A etapa defínese como gratuíta, suponse que para entender que se deberán arbitrar medidas que

garantan o transporte, o comedor, etc. como no tramo obrigatorio, pero sen declárala tal. De non facerse así daríase o ridículo paradoxo de subvencionar aos centros privados concertados e privar destas subvencións ás familias dos nenos e nenas que asistan aos centros públicos.

A Administración debe garantir a existencia de prazas escolares públicas, prestando especial atención ás zonas rurais.

Reflexión á parte merece a introdución no currículo do segundo ciclo das seguintes *aproximacións*:

- Á lecto-escritura; esta cuestión fortemente controvertida no seu día, estaba consolidada como un proceso gradual que se definía de xeito individualizado, pero que non podía concibirse como unha esixencia curricular xeneralizada, so pena de iniciar procesos de fracaso en moitos nenos/as e nun tramo non obrigatorio. Atención, pois, a esta introdución que, se non se regula posteriormente con cautela, pode traer máis fracaso e máis desigualdades.
- A iniciación ao ensino dunha lingua estranxeira debe partir dunha análise polo miúdo das condicións nas que se imparte.
- A iniciación ao uso do ordenador, así expresada, é dunha pobreza indubidable e claramente propagandística no mesmo sentido que a anterior. A alfabetización deste século XXI, da que acertadamente se fala máis adiante no documento, pasaría por introducir a linguaxe audiovisual con estes nenos/as. Experiencias boas se teñen feito, e significan algo que vai moito máis alá do mero uso do ordenador. O uso deste debe ser contemplado como un recurso máis.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

- Introducir a linguaxe audiovisual, coa que chegan os nenos/as moi familiarizados á institución escolar, é outra medida claramente avanzada.
- Rebaixar as ratios (nunca máis de 20 no 2º ciclo) e contemplar a existencia de dous mestres/as por aula. Atención especial aos casos nos que existan necesidades educativas especiais, inmigrantes, etc.
- O horario debe contemplar certo grao de flexibilidade e debe limitarse o tempo máximo de permanencia no centro. O horario escolar non debe supeditarse ás necesidades laborais das familias e debe ser a sociedade a que, mediante disposicións lexislativas e outras medidas, facilite a conciliación entre horarios laborais e lectivos.

## 2. Prevención dos problemas de aprendizaxe na Educación Primaria (p. 31)

#### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Informes individuais de avaliación que recollerán as dificultades detectadas e as propostas previstas para resolvelas: grupos flexibles, oferta de máis horas de traballo no centro, actividades

complementarias, plano especial de reforzo para os meses de verán ou permanencia dun ano máis no mesmo ciclo.

- Elaboración dun informe individualizado ao remate de Primaria.
- Avaliación de diagnóstico da evolución das aprendizaxes ao remate de 4º. O Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, elaborará modelos para a realización.
- Os centros educativos promoverán compromisos pedagóxicos entre as familias e a escola.

### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

O esforzo preventivo do fracaso en Primaria non é discutible, aínda dando por boa unha análise falsa da situación, manipulada polo anterior goberno. As medidas preventivas e de reforzo deben ser deseñadas polos propios centros de acordo coas necesidades detectadas.

Valorar moi especialmente a avaliación diagnóstico prevista ao finalizar o 2º ciclo, pois pon enriba da mesa a responsabilidade institucional (e non só individual) do fracaso e somete aos centros á necesaria reflexión sobre os resultados. Esta boa perspectiva pode ser un desastre se o lexislador non evita expresamente nos desenvolvementos lexislativos posteriores un labor de comparación, imposible e inxusto a todas luces, entre centros, correndo o risco de condicionar o currículo, propiciar a competitividade entre centros e actuar como mecanismo selectivo do alumnado. Esta avaliación non debe realizarse á marxe da autoavaliación do centro, abarcar a todos os cursos e debe ter en conta as causas das posibles deficiencias e os medios dispostos.

Do mesmo xeito o promover os compromisos familias-centros, sendo unha iniciativa moi plausible, debe acompañarse de reunións periódicas, de formación para as familias, etc. para non converter a medida nunha xustificación para explicar situacións derivadas da avaliación institucional. Debe potenciarse a figuras dos mediadores sociais.

Debe dotarse aos centros de E. Infantil e Primaria de persoal administrativo para facilitar o labor pedagóxico dos equipos directivos.

### OUTRAS ALTERNATIVAS

A creación do Departamento de Orientación en todos os centros de Primaria, coas dimensión axeitadas a cada centro, é unha medida imprescindible para reforzar as propostas anteriores.

A avaliación cualitativa dos centros que considere os procesos utilizados en relación coas necesidades educativas do alumnado e do contorno propiciando propostas de mellora que comprometan á Administración.

Deseño de planos de actuación específicos para as zonas rurais.

Creación de fondos de materiais multimedia, bibliotecas escolares e de aula...

No caso de que o equipo educativo considere necesaria a repetición de curso, esta podería realizarse

(unha soa vez) en calquera curso e non necesariamente ao remate do ciclo e debería contar sempre cun plano específico de actuación para cada alumno/a.

#### IV. A SOCIEDADE DO COÑECEMENTO NON ADMITE EXCLUSIÓNS.

##### 3. A incorporación gradual dende a Educación Primaria á Secundaria (p. 37)

###### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Máximo de 8 disciplinas obrigatorias comúns. Creación de equipos de nivel e redución do número de profesores/as para o mesmo grupo de alumnos. Contemplar tempos para reunión e coordinación entre o profesorado.
- Ofrecerese unha segunda lingua estranxeira como materia optativa.
- Reforzo das titorías en 1º e 2º.
- Poderase repetir calquera curso. Máximo dúas repeticións na etapa.
- Avaliación de diagnóstico da evolución das aprendizaxes ao remate de 2º. O Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo elaborará modelos para a realización.

###### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

Constatamos o abandono do ciclo como modalidade organizativa do currículo no 1º ciclo da ESO, que era unha das medidas de transición de Primaria a Secundaria establecidas pola LOXSE, aínda que algunha das que se presentan aquí son moi importantes e posiblemente máis eficaces, de levárense a cabo.

Extraordinaria importancia terá a organización do profesorado en equipos de nivel, que introduce unha novidade importantísima na organización destes centros, ata agora pivotando exclusiva e formalmente sobre os Departamentos. Esta medida repercutirá de xeito moi importante nos horarios e funcións, reforzando a titoría (que ademais xa ten unha proposta específica -apartado 3.5- de ampliación de horario e dedicación) e reclamando espazos de tempo común do profesorado dun mesmo nivel. Isto, unido á redución do número de profesores/as por grupo, nunha organización departamentalizada ata a miniatura, fará das iniciativas de posta en marcha que fagan as administracións educativas a pedra de toque destas propostas que nos parecen fundamentais.

De novo a avaliación diagnóstico proposta ao finalizar o 2º curso, mérecenos os mesmos eloxios e as mesmas prevencións que en Primaria.

## OUTRAS ALTERNATIVAS

Deixa a recuperación extraordinaria (popularmente, *exames de setembro*) para resolver co acordo da CCAA, despois dun estudo que agora podería ter algún sentido de aplicarse as propostas de plans especiais de traballo, e dalgunha medida máis que implicase ao centro. De non ser así, estas probas (que non son máis que iso) non teñen ningún sentido e só redundarían nunha segunda oportunidade para aqueles que teñen medios para preparalas.

Débese considerar un cambio curricular profundo, no senso de superar o marco das actuais materias cara a un ámbito máis amplo e respondendo aos intereses básicos do alumnado. Os actuais currículos non responden ás novas necesidades de formación determinadas polos profundos cambios da sociedade actual.

As tarefas de coordinación entre os centros de Primaria e ESO son fundamentais para facilitar a transición entre as dúas etapas e deben contar con tempos e espazos específicos para as mesmas.

### **4. Diversidade de alumnos, diversidade de solucións na Educación Secundaria Obrigatoria (p. 48)**

## PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- División ou desdobre dos grupos en Matemáticas e Lingua Estranxeira.
- Programas de Diversificación Curricular en 3º e 4º.
- Entre os 16 e os 21 anos, Programas de Iniciación Profesional para os alumnos/as que non acaden o título de ESO.
- Creación dun Observatorio para o seguimento da educación intercultural.

## COMENTARIO DAS PROPOSTAS

Como as propostas son enunciados pouco precisos, sería necesario acoutar determinadas condicións:

- Evitar que no desenvolvemento legislativo, estas medidas enquisten desigualdades e/ou fagan desaparecer para o alumnado a referencia do seu grupo-clase. Deben primar as que estean dirixidas ao grupo sobre as individuais.
- Compaxinar que estas opcións sexan xeneralizadas a todos os centros, públicos e privados, coa posibilidade de articularlas e precisalas autonomamente en cada un deles de acordo co seu proxecto educativo e as necesidades do alumnado.

- As medidas de atención á diversidade deben contemplarse no proxecto educativo de cada centro, atendendo á realidade do alumnado e ás características específicas do contorno.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

- Redución da ratio, establecendo límites máis estritos cando exista integración de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Establecemento nos sistemas de matriculación de mecanismos de corrección e de control para evitar a concentración de alumnado con dificultades, tanto por acumulación en determinados centros públicos como por ausencia flagrante nos centros privados.
- A Administración debe fomentar o deseño de proxectos de atención á diversidade, facilitar o intercambio dos mesmos entre os centros e apoiar a súa posta en marcha coa dotación necesaria.

### V. COMPETENCIAS E SABERES PARA A SOCIEDADE DO SÉCULO XXI .

5. O alfabeto do século XXI: iniciación temperá ás linguas estranxeiras, ás tecnoloxías da información e da comunicación (p. 63)

#### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Lingua estranxeira a partir de 1º de Primaria. Impulsarase en Infantil.
- 2º idioma en 1º de ESO.
- Implantación progresiva de centros bilingües.
- Introducción curricular das TIC nas diferentes etapas.

#### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

Con respecto á integración das TIC, é positiva esta preocupación e a súa inclusión, pero dáselles un carácter simplemente instrumental e sería necesario *alfabetizar* como se enuncia no propio documento, e isto pasa por introducir os rudimentos de comprensión e análise da linguaxe audiovisual, que utiliza como soporte de transmisión os mecanismos informáticos pero tamén os outros medios de comunicación, sobre todo a TV, cine, radio, etc.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

Introdución no currículo ordinario da linguaxe audiovisual, polos motivos expostos.

Competencias para traballo interdisciplinar e en equipo.

## 6. Un Bacharelato especializado e formativo: modalidades e opcións ( p. 72)

### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Tres modalidades: Artes, Humanidades e Ciencias Sociais e unha terceira de Ciencias e Tecnoloxía.
- Nova materia de Formación Científica, común a todas as especialidades.
- Redución do nº de materias obrigatorias.

### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

A proposta da nova materia de *Formación Científica* representa unha incorporación positiva que evidencia a necesidade de ter en consideración a este tipo de formación e non só a denominada *humanista*, que xa forma parte do tronco común, pero parece fóra de lugar esa denominación pois disciplinas como a Xeografía ou a Historia (por citar algunha) tamén teñen o carácter de científicas, e os estudantes nesta etapa xa deben aproximarse a elas dende esta perspectiva.

## 7. O título de Bacharel e o acceso á Educación Superior ( p. 79)

### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Proba única ao remate do Bacharelato

### OUTRAS ALTERNATIVAS

Contemplan a posible reestruturación da duración da etapa de Secundaria Obrigatoria e Postobrigatoria en orde á ampliación a tres cursos do Bacharelato. Algunhas razóns que semellan apoiar esta proposta poderían ser estas:

- Posibilitaría reestruturar os contidos das actuais materias.
- Poderían incluírse no currículo contidos de materias que actualmente non forman parte do mesmo e que se consideran especialmente importantes. Sería o caso de nocións, todo o básicas que se queira pero ineludibles para a formación do alumnado de Bacharelato, de Economía, Psicoloxía, Socioloxía e Ciencias Políticas, Dereito e Medios de Comunicación Social.
- Esta medida estaría en correlación coa diminución da duración das carreiras universitarias e a

substitución do título de Licenciado polo de Grao.

- Facilitaría un ensino máis gratificante, motivador e enriquecedor ao poder abordar os contidos, as actitudes e os procedementos dunha forma máis demorada, atendendo puntualmente ao interese do alumnado sobre este ou aquel tema de actualidade relacionado coa disciplina. Suporía unha ruptura co actual sistema, no que se procura impartir uns contidos (normalmente moi amplos) nun tempo escaso, dunha forma rutineira, esquemática e, moitas veces, totalmente allea aos temas sociais, culturais, económicos e científicos que ocupan, e ás veces preocupan, ao alumnado.

## **8. A resposta da Formación Profesional ás necesidades de cualificación ( p. 85)**

### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Impulso inmediato da *Lei das Cualificacións e da Formación Profesional*.

### OUTRAS ALTERNATIVAS

Parece evidente que a FP debe concibirse dun xeito flexible para ofrecer respostas ás necesidades de cada territorio e do medio inmediato no que se insire o centro.

## **VI. OS VALORES E A FORMACIÓN CIDADÁ.**

### **9. Que valores e como educar neles ( p. 93)**

### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- Nova materia de Educación para a Cidadanía. En Primaria impartíraa o titor ou titora en 3º Ciclo. En ESO encomendarase aos Departamentos de Xeografía e Historia, e Filosofía.

### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

O desligar esta formación do currículo ordinario, posiblemente por desconfiar da eficacia con que se trasladaron os contidos transversais (que maioritariamente eran os que incorporaban na LOXSE estas propostas) ás áreas do currículo, fai que apareza como algo singular e fragmentario, separado do resto da formación académica, evitando preocupacións e problemas de integración curricular tan necesarios para trasladar de forma xeneralizada estes valores por parte do conxunto do profesorado.

Tamén é certo que esta inclusión garantirá un tratamento seguro do tema, aínda a costa de facelo dun

xeito fragmentario vinculado a unha área concreta, en Secundaria ou á Titoría en Primaria, facilitando o desentendemento do resto.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

A proposta sería a de introducir núcleos de contidos obrigatorios nas diferentes áreas e na propia acción titorial que trasladasen dun xeito máis contextualizado estes contidos.

### **10. O ensino das relixións** (p. 100)

#### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- O ensino non confesional incluírase nos currículos de Xeografía e Historia, de Filosofía e de Educación para a Cidadanía.
- O ensino confesional das relixións será de oferta obrigatoria por parte dos centros, e voluntaria para o alumnado. A súa cualificación non computará a efectos académicos de cálculo de nota media, de acceso á Universidade nin para a concesión de bolsas.
- Os centros atenderán axeitadamente ao alumnado que opte por non seguir ensinos confesionais.
- Os profesores/as de Relixión deberán ter a debida titulación e habilitación. A contratación e as condicións de traballo destes profesores/as serán conformes cos dereitos fundamentais establecidos no Estatuto dos Traballadores.

#### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

Aínda coñecendo as dificultades políticas de articular unha solución máis razoable, debe seguirse reivindicando que a relixión, como doutrina, debe formar parte do ámbito privado e non da escolarización regrada.

Por suposto, non é entendible un currículo, por exemplo de Historia, que non considere o feito relixioso en todas as súas manifestacións e evolución.

### **VII. O IMPRESCINDIBLE PROTAGONISMO DO PROFESORADO.**

#### **11. Calidade e valoración da profesión docente** (p. 107)

## PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- A formación inicial do profesorado adaptarase ao novo modelo de graos e postgraos do espazo europeo.
- Novo Estatuto da Función Pública Docente.
- A avaliación da práctica docente será fundamental para o desenvolvemento profesional do profesorado e terá efectos retributivos.
- Impulsarase a colaboración do profesorado de Secundaria coas Universidades no desempeño de funcións docentes a tempo parcial.

## OUTRAS ALTERNATIVAS

Titulación de licenciatura para todos os niveis.

Revisión do modelo de acceso á docencia.

Débese primar a formación permanente ligada a proxectos educativos de centro primando as propostas que partan dos mesmos.

Non é rexeitable de raíz a idea de reformar o status xurídico dos traballadores/as do ensino coa administración pública, contemplando a substitución da figura de funcionario/a pola de contratado/a laboral con estabilidade no posto de traballo sempre que se superen avaliacións globais e periódicas.

Algunhas interrogantes sobre a realidade actual que apoiarían estas propostas poderían ser estas:

- ¿Estamos de acordo en que a figura do profesorado é moi importante no desenvolvemento do acto educativo?
- ¿Estamos de acordo en que o ensino público debe contar cos mellores profesionais que a sociedade poida permitirse en cada momento?
- ¿Podemos seguir obviando situacións de abuso e deterioro laboral por parte de certo profesorado, todo o minoritarias que se queira, pero que infrinxen un gran dano á formación integral do alumnado e ao prestixio e consideración social do traballo docente? Para loitar por un ensino público de calidade o profesorado debe principiar por si mesmo.
- Trátase de mellorar o sistema que asegure que en cada momento contemos co profesorado máis capaz e motivado posible. Hoxe é factible pois a sociedade conta con profesionais activos, preparados e motivados para desenvolver un traballo docente e investigador de calidade.
- Para iso cómpre introducir no futuro Estatuto do Profesorado a figura da avaliación periódica do traballo docente, con cursos de reciclaxe obrigatorios cando sexa necesario e mesmo coa posibilidade de expulsión da administración pública para aqueles traballadores/as que, de forma reiterada e teimuda, non respondan ao perfil profesional (convenientemente negociado e asumido por todas as partes afectadas) que en cada momento se requira.
- A sociedade debe percibir que non se tolerarán condutas e comportamentos laborais e profesionais non acordes coa función docente. Actualmente, por moi minoritarios que sexan, existen traballadores do ensino que non acadan os mínimos de dedicación, capacidade, motivación e

actitude necesarios. Trátase de prolongar no tempo as medidas de compromiso, publicidade, mérito e capacidade que se usan para seleccionar aos traballadores/as do ensino público.

- Esta medida aumentaría a credibilidade do profesorado perante a sociedade.
- Estaría ligada a un aumento retributivo.

Faise necesario igualmente introducir no sistema educativo figuras profesionais que liberen de traballo ao profesorado para que poida concentrarse na súa función docente e investigadora. Neste sentido é urxente incorporar aos centros a profesionais do campo da psicopedagogía e da animación sociocultural e deportiva. Se a educación se entende dunha forma integral será necesario asegurar a máxima competencia en todos e cada un dos seus aspectos. É evidente que o perfil profesional dun psicopedagogo ou dun animador sociocultural e deportivo é máis acaído para realizar tarefas e funcións imprescindibles nos centros educativos e que ata hoxe viña asumindo, ben que mal, o profesorado, moitas veces sen a máis mínima preparación para elo, cun voluntarismo, que se era asumible hai anos, hoxe non debería continuar, por canto hai profesionais que de seguro realizarían con máis competencia o traballo.

É preciso tamén acrecentar o tempo de permanencia no centro do profesorado. Actualmente, e dado o volume de información e documentación que se pode manexar para preparar as clases teóricas e prácticas, é conveniente que o profesorado estea máis tempo no centro para realizar cabalmente esta tarefa así como para aumentar os labores de coordinación e de traballo en equipo. Esta medida facilitaría tamén a necesaria comunicación coas familias, coa comunidade educativa do centro e coas institucións locais.

## **VIII. CADA CENTRO, UN UNIVERSO DE POSIBILIDADES.**

### **12. A elección como dereito e a pluralidade como valor** (p. 117)

#### **PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE**

- Todos os centros sostidos con fondos públicos participarán na escolarización equitativa do alumnado con dificultades.

#### **COMENTARIO DAS PROPOSTAS**

Parece sorprendente que non se inclúa unha referencia á existencia de centros (¡subvencionados polo Estado laico!) que discriminan por razón de sexo, crenzas, etc, contradicindo gravemente a

Constitución. Pode ser que van ser perseguibles de oficio tales situacións ou que se quere mirar para outro lado.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

A escolarización debe efectuarse de xeito que non exista ningún tipo de discriminación por razóns socioeconómicas, de sexo, relixión, etc.

### **13. Participación e dirección: corresponsabilidade (p. 124)**

#### PRINCIPAIS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO DOCUMENTO DE DEBATE

- O Consello Escolar debe recuperar competencias e capacidade de decisión.
- Elección da Dirección. A comunidade educativa terá un peso do 60%.
- Formación permanente para os cargos directivos en exercicio, cuxa superación será necesaria para a consolidación na función directiva.
- Os anos de traballo na Dirección valoraranse como méritos preferentes para o acceso a outros postos da administración educativa.

#### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

Consólidase o sistema de selección das direccións do goberno anterior, co importante matiz do peso maioritario da comunidade educativa.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

Debería restablecerse a elección por parte do Consello Escolar considerando o proxecto de dirección, o currículo do candidato e a presentación dun equipo de dirección como elementos decisivos para tal elección.

Formación específica posterior á elección.

### **14. Autonomía e avaliación (p. 134)**

#### COMENTARIO DAS PROPOSTAS

A desaparición total de alusións á autonomía curricular, non só á organizativa e pedagóxica, suponse que significa que se mantén a situación actual: A lei incorpora esta autonomía a través dos PEC e PCC, pero os currículos tan exhaustivos e pechados, curso a curso, impídena.

A introdución de diferenzas no financiamento en base a proxectos é positivo, como tamén debería de selo a constatación de dificultades de partida dos centros pola súa localización, polo seu ámbito de actuación, pola extracción do alumnado, polas súas instalacións, etc.

A avaliación do sistema educativo citando exclusivamente como un dos parámetros a utilizar o rendemento dos estudantes, é particularmente deficitario, pois este tipo de estudos deben resaltar precisamente a introdución de criterios que analicen a situación do centro, a súa organización, a súa implicación no ámbito de actuación, os recursos cos que conta, a situación sociolóxica na que está inscrito, etc. Isto debe facerse explícito nun documento que tende a resaltar as novidades de non querer que se sospeite que o parámetro único será o rendemento escolar e a busca da *excelencia* por camiño tan discriminatorio e manipulable.

#### OUTRAS ALTERNATIVAS

Introducir mecanismos de diferenciación no financiamento dos centros, a partir dun mínimo que cubra dignamente a prestación do servizo, que teña en conta necesidades derivadas da localización do centro, do seu ámbito, da procedencia do alumnado, da adecuación das instalacións, etc.

Dar relevancia aos aspectos contextuais dos centros á hora de facer a avaliación do funcionamento do sistema educativo.

Finalmente, e en coherencia co posicionamento xenérico posto de manifesto ao comezo deste documento crítico sobre a proposta formulada, entende Nova Escola Galega que debe quedar suficientemente explícita, de acordo coa realidade plurinacional e pluricultural do Estado, a necesidade de posibilitar a aprendizaxe das diferentes linguas existentes ao longo de todo o territorio estatal, e mesmo o coñecemento das diferentes realidades culturais existentes.